



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Dicción e Expresión Oral I
DISCIPLINA	Voz
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual
CURSO	1º
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Nuria Montero Gullón
DOCENTES	Nome: Nuria Montero Gullón Contacto: nuriamontero69@hotmail.com , nmgullon@edu.xunta.es Nome: Damián Contreras Contacto: dcontreras@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	Coñecemento anatómico e fisiolóxico do aparato fonador. Recoñecemento e conciencia vocal. Relación entre os diferentes sistemas a través dos que se produce o son e a relación dos diferentes sistemas e o corpo. Preparación vocal e adestramento. Dominio de todos os aspectos da técnica vocal (respiración, resoadores, articulación, emisión, etc.)
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA NA QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
E11	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
E12	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
E13	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
E15	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Coñecer o funcionamento do aparato respiratorio e fonador para poder aplicalo conscientemente na técnica vocal.	T1, T13, E11
2. Coñecer e solucionar os malos hábitos posturais, respiratorios e de fonación para mellorar as capacidades técnicas e expresivas.	T1, T6, T13, X1, X6, E11
3. Integrar o bo uso da respiración para poder aplicalo tanto na técnica vocal como noutros ámbitos da interpretación.	T1, T6, T13, X6, E11
4. Entender e integrar o bo uso do apoio diafragmático para a súa aplicación na técnica vocal.	T1, T13, X6, E11
5. Dominar o uso dos resoadores e entender as súas características para poder aplicalos axeitadamente en función tanto das necesidades espaciais como interpretativas.	T1, T6, T8, T13, X1, X5, X6, E11, E12, E13, E15

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1...Respiración	1.1 Conceptos de anatomía e fisioloxía da respiración. 1.2. Tipos de respiración: A. Localización. B. Adestramento. 1.3. Corrección malos hábitos respiratorios.	12
2... O corpo	2.1 Noción do esquema corporal 2.2. Corrección de malos hábitos posturais.	6
3... O apoio diafragmático	3.1 Anatomía e funcionamento do diafragma. 3.2. Adestramento.	12
4... A articulación	4.1 Órganos que interveñen na fala: A. Localización. B. Adestramento 4.2. Vogais: grados de apertura 4.3. Consoantes: puntos de articulación.	3

5... Resonancia	5.1. Localización dos resoadores. 5.2. Funcionalidade. 5.3. Adestramento. 5.4. Características.	9
TOTAL SESIÓNS		42

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	1	2	3
Exposición maxistral	2	8	10
Exposición práctico-teórica	5	5	10
Práctica individual	10	8	18
Práctica colectiva	30	15	45
Seminarios	1	4	5
Metodoloxías integradas	2	2	4
Traballos de aula	10	14	24
Titorías individuais	6		6
Actividades de avaliación. Probas	7	10	17
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	8	15	23
Actividades de avaliación. Revisión	2	1	3
TOTAL	84	84	168
Porcentaxe	50%	50%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Exposición práctico-teórica	Exposición por parte do docente dun tema sobre contidos da materia e a súa resolución na práctica.
Práctica individual	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo.
Práctica colectiva.	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Metodoloxías integradas	Método de ensino-aprendizaxe cuxo punto de partida é un problema que, deseñado polo profesor, o estudante ha resolver para desenvolver determinadas competencias previamente definidas.
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado ao seu desenvolvemento con

	actividades autónomas do estudante.
Tutorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Tutorías de grupo	Entrevistas que os alumnos manteñen co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Actividades de avaliación. Probas.	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta a actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.
Actividades de avaliación. Presentación/Mostras.	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou do resultado dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Actividades de avaliación. Revisión.	Análise profesor/alumno dos recursos procedementais empregados por este na resolución das probas e os seus resultados.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo un análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis axeitado.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso.
Avaliación extraordinaria	Os alumnos que vaian presentarse ao exame extraordinario deberán poñerse en contacto coa docente cun mínimo dun mes de antelación para recibir o material necesario para a realización de dito exame.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Probas prácticas de aula	T1, T6, T8, T13, X5, E11	25%
Presentación/Mostras de aula	T1, T6, T8, T13, X1,X5, X6, E11, E12, E13, E15	25%
Observación e seguimento do proceso de aprendizaxe.	T1, T6, T8, T13, T17, X1, X5, X6, E11, E12, E13,E15	50%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Probas teóricas. Conceptos fundamentais da materia. Exame no que o alumno deberá contestar ás preguntas expostas pol* docente e abranguerá todo o temario da presente guía.	T1, T6, T8, T13, T17,X1, X6,	25%
Probas prácticas. O alumno deberá: 1. Realizar un quecemento ao comezo do exame. Dito quecemento deberá presentalo por escrito detallando os exercicios a executar,	T1, T6, T8, T13, X5, X6, E11, E12, E13, E15	50%

<p>os obxectivos de cada un deles e a temporalización.</p> <p>2. Presentar un traballo práctico sobre o material entregado pol* docente.</p> <p>3. Entrega dunha memoria por escrito do proceso de creación do exercicio práctico. Deberá constar de:</p> <p>3a. Introducción.</p> <p>3b. Obxectivos marcados.</p> <p>3c. Metodoloxía.</p> <p>3d. Conclusións.</p> <p>3e. Bibliografía.</p> <p>A memoria presentárase segundo os parámetros descritos en Observacións.</p> <p>4. Lectura dun texto entregado pol* docente no momento do exercicio:</p> <p>4a. Lectura inmediata.</p> <p>4b. Lectura orgánica.</p> <p>5. * docente poderá pedir que o alumno realice exercicios prácticos relativos ao temario e xa feitos na aula se así o considera.</p>		
Traballo escrito sobre algún dos temas incluídos no temario e escollido pol* docente e defensa oral do mesmo.	T1, T8, T13, X1, X6, E11	25%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Probas teóricas. Conceptos fundamentais da materia. Igual punto 8.2	T1, T6, T8, T13, T17, X1, X6,	25%
Probas prácticas. Igual punto 8.2	T1, T6, T8, X5, X6, E11, E12, E13, E15	50%
Traballo escrito e defensa oral	T1, T8, T13, X1, X6, E11	25%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

Berry, Cicely (2006): La voz y el actor. Ediciones Alba.

Blasco, Victoria (2006): Manual de Técnica Vocal. Ñaque Editores.

Bustos Sánchez, Inés (2003). "La voz, la técnica y la expresión", Ed. Paidotribo.

Caballero, Christian. 1985. "Manual para educar la voz hablada y cantada", Edamex. México.

García Maestro. G. "Hablar en Público", 1999. Madrid. Ed.Libsa.
Jiménez Quesada, M. "La voz", Madrid. 1969. Ed. Prensa Española.
McCallion, Michael (2006): "El gran libro de la voz". Ed. Urano

Referencias complementarias

Stanislavski, Constantin (1985). "La construcción del personaje", Ed.. Alianza. Madrid.

10. OBSERVACIÓNS

1. O alumno perderá a avaliación ordinaria cando supere o 10% de faltas de asistencia.
2. Se o docente o require o alumno deberá defender oralmente a proba ou exame proposto.
3. Os traballos deberán presentarse seguindo o seguinte formato: A4, Letra Times New Roman de 12 p., distancia entre liñas de 1,5 p., portada con título, nome da materia e nome do alumno.